

Texto: **ANTONIO RODRÍGUEZ ALMODÓVAR**

Ilustracións: **MARC TAEGER**

40 páxinas a toda cor. 22x22 cm.

Encadernado en cartón

Dispoñible en:

-Galego: "A verdadeira historia de Carapuchiña". ISBN 978-84-8464-512-2

-Castelán: "La Verdadera Historia de Caperucita". ISBN 978-84-933755-9-1

-Portugués: "A verdadeira história do Capuchinho". ISBN 978-972-8781-95-8

-Italiano: "La vera storia di Cappuccetto rosso". ISBN 978-88-95933-08-5

Prezo: 13 €



A VERDADEIRA HISTORIA DE CARAPUCHIÑA

PREMIO DANIEL GIL DE DESEÑO EDITORIAL 2005 AO MELLOR ÁLBUM INFANTIL

MENCIÓN DO PREMIO DANIEL GIL DE DESEÑO EDITORIAL 2005 ÁS ILUSTRACIÓN

Había unha vez unha nena moi xeitosiña que vivía nunha aldea, preto dun bosque. Chamábanlle Carapuchiña, ou Carapuchiña Vermella, porque a súa avoa, que vivía noutra aldea dos arredores, regaláralle unha capa desa cor, cunha carapucha para o frío...

Detalles que ata agora pasaran desapercibidos sobre a vida cotiá de Carapuchiña -a súa torpeza para a costura, a súa fama de larpeira, a súa curiosidade extrema- saen á luz nesta obra. Froito dun intenso labor de investigación, Rodríguez Almodóvar non escatima en detalles: conversas entre nai e filla, entre nena e lobo, están fielmente plasmadas...

Así, desentraña escrupulosamente o plan do malvado animal para devorar a unha Carapuchiña que se describe como unha cativa inocente e temerosa á vez, aínda que habilmente astuta ao final do conto. Cunha linguaxe descriptiva e abundantes pinceladas poéticas, o autor non elude evocar paisaxes características do relato clásico: "avoíña, que uñas tan grandes tes, que ombros tan anchos, que nariz...".

O traballo do autor, afondando nas moitas versións que circulan por todo o mundo sobre as peripecias de Carapuchiña, queda plasmada nesta "verdadeira historia", con personaxes tan transcendentais para un desenlace feliz como o gato da avoa.

O clasicismo narrativo contrasta co aspecto rompedor e vangardista das ilustracións, que destacan polo seu estilo rústico e contundente: esta Carapuchiña podía ter saído do garabato dun neno e o lobo podía ter fuxido dun cadro de Picasso. Vermello, branco e negro é a gama cromática fundamental das composicións, elaboradas con técnicas específicas nas que se evidencia un traballo de experimentación previo. A paisaxe adquire un gran protagonismo, compartido coa expresividade dos personaxes: a representación de Carapuchiña sorprenderá en todas as páxinas do libro.

ANTONIO RODRÍGUEZ ALMODÓVAR

(Alcalá de Guadaira-Sevilla, 1941)

Autor dunha vintena de libros, principalmente contos e relatos infantís e xuvenís. Tamén escribiu novelas, poesía, guións para televisión e obras de teatro. Doutor en Filoloxía e Catedrático de Instituto de Lingua

e Literatura Española, publicou estudos sobre a teoría da narración e do texto poético en clave semiótica. É autor de *Cuentos maravillosos españoles*, *Cuentos de la media luna...* Recibiu, entre outros, o Premio Internacional "Infanta Elena" de Narrativa Xuvenil, coa novela *Un lugar parecido al paraíso*, o Premio Nacional de Literatura en 1985 ao libro mellor editado por *Cuentos al amor de la lumbre*, e o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 2005 por *El bosque de los sueños*.



MARC TAEGER (Berna, Suiza, 1963)

Vivió en Milán, Nápoles (Italia), Schriesheim (Alemaña) e Lisboa (Portugal). Instalouse en Barcelona en 1975, onde estudou deseño gráfico. Actualmente reside en Galicia e traballa como deseñador para medios de prensa e axencias de publicidade. Animación, pintura, escultura e arte gráfica son as súas especialidades. Expuxo a súa obra en Luxemburgo, Alemaña, China, España, Costa Rica e Francia. Ilustrou para KALANDRAKA "Aguiles o puntiño" e "Garavancioño" e deseña a colección de Narrativa de FAKTORÍA K.